

CUADERNO DI

Encontros de escritores galegos bascos e cataláns

Cando deixábamnos xa o hotel das inmediacións do mosteiro de Poblet no que pasamos a tarde do día 24, aquelas mesas brancas de xardín que ficaban soias baixo as árbores mesturaban un algo das impresións de todos: ¿un aire viscontiniano, felliniano ou buñuelesco? A discusión ao respecto non se prolongou. Cada quen suxerira ao comenzo da xuntanza a súa impresión. Víñamos de xantar, quentaba o sol —á sombra, naquelas mesas, todo era agradable— e o «Encontro de escritores galegos, bascos e cataláns» que comenzara dous días antes en Barcelona, agoirábase que non pasaría de ser un ledo reencontro.

Tucho Calvo

Pero non foi así. Penso que quen atopou as palabras xustas para definir o que aconteceu foi Méndez Ferrín cando, xa á noite, as augas de novo polo seu canle, dixo na cea de despedida que «era a nosa obriga de intelectuais non sermos felices».

O «Encontro», xurdido dunha iniciativa galega que sóio as mellores disponibilidades económicas dos cataláns puido materializar, comenzo o venres 22. O axuntamento de Barcelona, da man do seu alcalde e da «regidora de cultura», e a asociación por boca do seu expresidente Jo-

sep M. Castellet, foron os primeiros en dar a «benvinguda» aos participantes no encontro. Unha miga máis tarde, no edificio de enfrente, no Palau da Generalitat, o conselleiro de Cultura e, posteriormente, o presidente Pujol, sumáronse á sensación de cordialidade que houbo en todo momento para os escritores.

O sábado, no Palau Marc, en plena Rambla de Santa Mónica, comenzaron os traballos en ponencia. Un servizo de tradución simultánea dos tres idiomas oficiais do congreso permitiu en todo mo-

mento que cada quen se expresase como mellor lle parecía. E, así, abordáronse catro temas básicos por outros tantos grupos de traballo: o da relación e articulación entre as asociacións de escritores de Euskadi, Catalunya e Galicia (relación coas institucións propias, coas do Estado, e función social das asociacións de escritores); a proxección internacional das nosas literaturas; literatura e nación; e os problemas profesionais do escritor nunha lingua de ámbito restrinxido.

Houbo algunha queixa no senso de non terse abordado con profundidade de abondo o que poden ser os problemas de tipo profesional do escritor. Ao marxe da remisión do tema ao sempre difícil plano sindical —non ben sendo norma que as profesións liberais teñan moito apego á sindicación—, díxose neste senso que, tras a primeira experiencia de Catalunya, poderase afondar nos temas en próximos encontros (o seguinte previsto para de aquí a dous anos en Euskadi). E, aínda podendo quedar curto o seu tratamento, o tema estaba presente no manifesto final de Poblet ao sinalarse a vontade de «velar pola defensa conxunta e solidaria dos intereses profesionais».

A idea de literatura como nación e o espírito de solidariedade que debería xurdir dela, semellou callar no dos participantes. E, ao remate, as longas conclusións de cada unha das ponencias que atoparon a axeitada expresión nun manifesto que se leu con toda solemnidade o día 24 no histórico marco do mosteiro de Poblet. Ninguén se opuxo ao texto. Nengunha obxección.

Deume a impresión de que a xente po-

día estar en moitos casos pasando uns días de vacacións, allea ao que se decía ou se aprobaba. Pero non era así, por fortuna. Na tarde dese día, cando nos sentamos baixo as árbores despois de xantar para analizar a posibilidade dun engadido ao documento aprobado, xurdiron todas as diferencias e as fortes discusións fixeron ver ata que punto que uns escritores de ideas distintas cederan no seu posicionamento persoal para chegar a un punto de encontro situado —penso eu— nun lugar entre a realidade e o soño, entre a frustración e a esperanza. Un lugar onde sóio compría poñer desexos puros que en moito poden desdecilos as circunstancias que vivimos.

En calquera caso, foi necesario sufrir a evidencia cruel da loita en tódolos niveis de todos cantos teñen na cabeza ou na súa obra un mundo ideal que non se atopa reflexado na «realidade».

Foi —por ser un encontro—, unha experiencia do todo positiva e desta xuntanza de escritores das tres nacionalidades históricas do Estado. Penso que ninguén poderá ser indiferente ao influxo dos contactos mantidos. E entendo que a continuidade de reunións semellantes en Euskadi e Galicia poñerán un punto de apoio máis, certamente sólido, para erguer as nosas culturas a un futuro que merecen.

E xusto decir tamén, para que quede constancia, que o esforzo realizado pola Asociación d'escritors en llengua catalana e a colaboración recibida pola mesma pola banda das institucións de Catalunya, vai facer difícil que os encontros que teñen lugar no futuro poida superar o éxito desta primeira experiencia.

